


efG

08

Número 08  
xuño 2021

VIVAMOS



Revista da comunidade educativa do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, editada polo Equipo de dinamización da lingua galega

*A primeira vez que alguén...*



Eu falo Galego

## CONTIDOS

- .Portada
- .Editorial do Equipo de dinamización da lingua galega
- .Carta do director do centro
- .Vellas palabras novas: Xela Arias
- .Ler e escribir no RUP:
  - .Concurso de microrrelatos:
    - .Crónica e premios
    - .Segundo e primeiro premio (alumnado)
    - .Microrrelatos presentados polo alumnado
    - .Microrrelato gañador (resto da comunidade educativa)
    - .Microrrelatos presentados polo resto da comunidade educativa)
  - .Conmemoración do Día do Libro e proclamación dos gañadores do VIII Concurso de microrrelatos
- .Día das Letras galegas 2021:
  - .Xela Arias
  - .Aldaolado: música e poesía
- .Actualidade do RUP
  - .Actividades desenvolvidas ao longo do curso 2020-2021
- .QUE...
  - .ler, ver, visitar, cocinar
- .Contraportada: Xela Arias

## CRÉDITOS

.COORDINACIÓN EDITORIAL E DISEÑO  
Equipo de dinamización da lingua galega CIFP RUP  
CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, Caranza  
Ferrol, xuño de 2021

.TEXTOS, CITAS E IMAXES: Os seus autores e autoras. Grazas!  
.SOFTWARE: Scribus 1.5.7.

## CONTAMOS

Este proxecto precisa de ti para ser vivo. Se queres participar na revista ou nalgunha iniciativa de dinamización da lingua galega no centro, queres facer alguna crítica ou tes unha suxestión, podes poñerte en contacto con nós ao través do seguinte enderezo web: [edlg@cifprodolfoucha.es](mailto:edlg@cifprodolfoucha.es)

Esperamos as as túas achegas!

**revista efG 2**

## EDITORIAL

Nesta oitava editorial, os membros do Equipo de dinamización da lingua galega queremos facerlles chegar o noso agradecemento a todas as persoas que colaboran desinteresadamente nesta tarefa de apoiar a nosa lingua no centro e que fan posible esta revista.

Sabemos que este curso foi especialmente difícil por mor da COVID-19, que puxo a proba a toda a comunidade educativa e supuxo un traballo engadido para todos nós, máis non por iso se deixaron de apoiar e difundir as actividades propostas polo EDLG.

No panorama literario, este ano queremos destacar a dúas mulleres moi diferentes, de épocas distintas, mais cun denominador común: a rebeldía. Por un lado, rendemos homenaxe a Xela Arias, a chamada “poeta rebelde”, no Día das Letras Galegas. A modernidade, a experimentación e a liberdade foron unha constante na vida e obra de Xela Arias, que creou un estilo propio que segue de plena actualidade. Curiosamente, neste 2021 conmemórase tamén o centenario do falecemento doutra muller brillante, intelectual e adiantada ao seu tempo: a escritora galega Emilia Pardo Bazán.

Como dicía Xela Arias, “de certo, a vida ía en serio”, así que dende o EDLG convidámosvos a celebrar a vida, a lingua e a mirar cara o futuro con optimismo e determinación, máis sempre en liberdade.

*Raquel Sabín Pedre é coordinadora do EDLG e profesora da familia profesional de Comercio e márketing*

## CARTA DO DIRECTOR DO CENTRO

De todas e todos é coñecido que o final do mes de xuño representa tamén o final de cada curso académico pero o que agora rematamos foi un curso atípico debido á pandemia pola COVID-19 que tanto modificou todos os aspectos da nosa vida e que aínda continúa a alteralos. No ámbito do ensino, a aplicación dun protocolo específico para intentar evitar contaxios fixo que se tivesen que tomar medidas preventivas que provocaron un cambio na dinámica da vida dentro dos centros educativos, sempre co obxectivo de seguir dando formación pero minimizando os riscos sanitarios na medida do posible.

Pero final de curso no noso centro tamén implica a publicación deste novo número da revista que forma parte do proxecto efG (eu falo Galego), proxecto impulsado polo Equipo de dinamización de lingua galega para fomentar o uso do idioma galego. A pesar da complicación que supuxo a aplicación de todas as medidas antes mencionadas, o Equipo de dinamización galega do centro tamén continuou con esa labor de promover a utilización da lingua galega entre a nosa comunidade educativa. Non foi sinxelo tampouco para as persoas que compoñen este Equipo a organización dalgunhas das actividades que se veñen facendo cada ano xa que a aplicación da distancia de seguridade interpersoal e a limitación do número de persoas que pode asistir a certos eventos, dificulta poder chegar a todas as persoas que van dirixidas, polo menos chegar dunha maneira presencial que é como mellor se aproveitan e disfrutan.

Con todo, durante este curso organizáronse actividades como o xa clásico “Concurso de microrrelatos”, que cada ano ten unha maior participación e no que se presentan textos escritos en galego de gran calidade aínda coa limitación de 150 palabras. Aproveito para felicitar a todas as persoas que participaron no concurso e agradecer tamén a súa participación.

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas que este ano homenaxeou á escritora sarriense Xela Arias, contamos coa actuación do grupo Aldaolado, un dúo formado por Lucía Aldao e María Lado que co seu humor habitual mesturado con boa música relataron poemas e textos en galego que fixeron disfrutar ás persoas que asistiron no salón de actos á súa representación. Tamén foi retransmitido por vía telemática para que puidese ser seguido polo resto de persoas que non puideron estar presentes no salón de actos debido fundamentalmente ás medidas sanitarias mencionadas con anterioridade.

As anteriores son as actividades máis salientables, actividades nas que o nosa lingua foi a protagonista. Neste sentido, sabemos que queda un longo camiño por percorrer pero o Equipo de dinamización de lingua galega segue a traballar para poñela en valor co obxectivo de que cada ano máis persoas da comunidade educativa fagan uso dela en todos os ámbitos, non soamente no educativo senón mesmo tamén no persoal.

Non quero finalizar sen agradecer a colaboración de todas as persoas implicadas non só na organización das actividades anteriores senón tamén na promoción do uso do galego. Temos o luxo de contar cunha lingua propia que debemos coidar e a mellor maneira de levalo a cabo é facendo uso dela tanto falando como escribindo, pero tamén lendo en galego. Dende o centro seguiremos loitando para así sexa e estamos abertos a todas as achegas que se fagan para ese fin.

Desexar tamén un feliz e merecido descanso, con sentidiño, e vémonos de novo no vindeiro curso 2021-2022, un curso no que temos depositadas moitas esperanzas para volver ao centro cunha situación como a que tiñamos ata hai algo máis dun ano. Entre todas e todos faremos que así sexa.

*Fernando López Uceira é director do CIFP  
Rodolfo Ucha Piñeiro é profesor da familia  
profesional de Informática e comunicacións*

### Xela Arias



Dicía Xela Arias en 1988:

*"O idioma é o principal signo dunha cultura.  
Quere iso dicir que un pobo que se alonxa do seu idioma alónxase da súa cultura.  
Quere iso dicir que a un pobo ó que alonxan do seu idioma alónxano da súa cultura.  
Quere iso dicir que Galicia ten aínda hoxe os seus mitos, a súa tradición sen resolver porque ten aínda sen resolve-la aceptación do seu propio idioma."*

Fotografías inéditas de Xela Arias

Fonte: <http://seminariogalan.org/inicio/2021/fotografias>



*"A unidade componse.  
Da desorde.  
Desordénome, amor,  
E dou co punto  
Único  
Do centro dos abrazos.  
Abrazo a desorde das ideas  
E sei  
Que a unidade se compón.  
A unidade componse.  
Da desorde."*

Extracto da obra "Intempériome",  
publicada en 2003.

*"Tódolos bebés son tu e ningún coma ti.  
Tódolos nenos son tu e ningún coma ti.  
Tódolos adolescentes son tu e ningún coma ti.  
Tódolos mozos son tu e ningún coma ti.  
Tódolos anciáns son tu e ningún coma ti.  
Tódalas nais son eu e todas, como min, saben  
que es único."*

Extracto da obra "Darío a diario", publicada en 1996.



## Concurso de microrrelatos. A primeira vez que alguén



### Xurado:

- Rocío García Brandeiro (presidenta), profesora de Comercio e márketing e coordinadora da biblioteca do centro
- Eva Robles Freire, profesora de Informática e comunicacións e secretaria do centro
- Raúl Aneiros Cabana, profesor de Informática e comunicacións e vicedirector do centro
- Lois Sánchez Meizoso, profesor de FOL
- Roberto Romero Restrebada, profesor de Informática e comunicacións e coordinador de FCT
- Mónica Picos Nebril, do persoal de administración e servizos, en representación propia e das súas compañeiras
- Secretaria: Raquel Sabín Pedre, coordinadora do EDLG

### Gañadores:

- Primeiro premio: "Vivamos", de Lucía Cabado López, do segundo curso modular do Ciclo superior de Administración e finanzas
- Segundo premio: "A derradeira vez", de Alba Méndez Cinza, do primeiro curso do Ciclo medio de Actividades Comerciais

### Volvemos ao grande!

Despois dun curso difícil marcado pola pandemia, nesta oitava edición do noso concurso de microrrelatos conseguimos bater un récord de participación, acadando as vinte e dúas obras presentadas a concurso por parte do alumnado, superando así a barreira dos vinte microrrelatos para poder outorgar o premio ao segundo clasificado e entregar a súa correspondente dotación económica.

Por outra banda, seguimos a bater récords coa participación a concurso do resto da comunidade educativa do noso centro, pois presentáronse por esta vía dez microrrelatos máis, dos que só concursaban sete, pois os outros dous pertencían a membros do xurado e o relato restante quedou fóra de concurso por superar a extensión máxima permitida. A gañadora foi Tania Vieites Salgado, profesora da familia de Comercio e Márketing, cun tenro relato cheo de emocións e unha fermosa benvida á vida. Este ano os profesores do Comercio e Márketing foron os que máis se animaron a participar, pois acadaron un total de seis obras presentadas. Tamén se presentaron dúas do departamento de Informática e Comunicacións e unha do departamento de Formación e Orientación Laboral. Darlles parabéns a todos, pois, darnos o pracer de ler microrrelatos de tan alta calidade e de xéneros tan variados sempre é de agradecer, todos son gañadores.

Respecto ao concurso do alumnado este ano, un ano máis resultou vencedora Lucía Cabado López do ciclo superior de Administración e Finanzas en réxime modular, pois xa conseguira gañar na cuarta edición do concurso, nesta edición co microrrelato titulado "Vivamos". Sería imperdoable non facer mención tamén do microrrelato titulado "A derradeira vez", que quedou en segundo lugar, cun merecidísimo segundo premio, da alumna Alba Méndez Cinza do ciclo medio de Actividades Comerciais.

En resumo, foi un reflexo do difícil momento no que nos atopamos inmersos, pasando dende a dura etapa do confinamento á convivencia co Covid-19 da actualidade, a perda dos seres queridos e a evocación do entrañable amor por aqueles que seguen connosco. No camiño topámonos coas máis íntimas sensacións e os esforzos das persoas que son diferentes ou que sendo iguais séntense diferentes ou tratadas diferente e tamén co maltrato e a violencia de xénero. En definitiva, unha loa do que nos dá a vida ao longo de toda ela, experiencias das que, aínda sen mestres que nos guíen... sempre sacamos algunha ensinanza.

Estamos preparando xa a vindeira novena edición coa seguridade de que de novo volveremos a sentir, disenter, sufrir, gozar, rir, sorrir, saloucar, chorar,... Pero nos gustaría que a orixe dos participantes fose máis diversa e con representación de todas as familias.

### Concurso de microrrelatos. A primeira vez que alguén



#### **Xurado:**

—Rocío García Brandeiro (presidenta),  
profesora de Comercio e márketing e  
coordinadora da biblioteca do centro

—Eva Robles Freire, profesora de  
Informática e comunicacións e secretaria do  
centro

—Raúl Aneiros Cabana, profesor de  
Informática e comunicacións e vicedirector  
do centro

—Lois Sánchez Meizoso, profesor de FOL

—Roberto Romero Restrebada, profesor de  
Informática e comunicacións e coordinador  
de FCT

—Mónica Picos Nebriil, do persoal de  
administración e servizos, en representación  
propia e das súas compañeiras  
Secretaria: Raquel Sabín Pedre,  
coordinadora do EDLG

#### **Gañadores:**

—Primeiro premio: "Vivamos", de Lucía  
Cabado López, do segundo curso modular  
do Ciclo superior de Administración e  
finanzas

—Segundo premio: "A derradeira vez", de  
Alba Méndez Cinza, do primeiro curso do  
Ciclo medio de Actividades Comerciais

Nesta convocatoria, por familias Comercio e Márketing foi a de maior participación, acadando unha porcentaxe do 55% do alumnado, seguida do 36% da familia de Informática e Comunicacións. Seguen faltando as obras de Actividades Físicas e Deportivas e Edificación e Obra Civil. Tamén é preciso destacar a elevada participación dos ciclos medios, formación dual e a distancia, chamando especialmente a atención a elevada participación no novo curso de Especialización en Ciberseguridade en Contornos das Tecnoloxías da Información, con tres participantes.

Animádevos para o curso que vén e explorade novos xéneros e temáticas. Faltan poemas, cancións, ensaio, teatro, fantasía, filosofía, retrans, épica... e tamén moita comedia! Atrévdevos a explorar por aí, ou non, que da narrativa dramática tamén agroman marabillas como podedes comprobar con algunhas das escritas este ano. Pero iso si, tende moito coidado coas traducións automáticas, os autocorrectores e a ortografía, pois poden esnaquizar unha boa historia e feren o noso idioma, que é o que en última instancia queremos potenciar con este certame.

Non quero rematar sen agradecer ao xurado a súa imprescindible labor e sen enviar un saúdo a todos, escritores ou non. Vémonos na vindeira edición, a novena, xa no curso 2021-2022.

Rocío García Brandeiro

*Rocío García Brandeiro é coordinadora da  
Biblioteca do centro e profesora da familia  
profesional de Comercio e márketing*

Publicamos, unha vez revisados, os  
relatos enviados ao concurso. A súa  
organización responde só a criterios de  
maquetación.

**VIVAMOS**, por *De Neira*

Tivo que chegar ela,

aterradora, devastadora e letal.

Tivo que facernos parar, chorar e cavilar.

Tivo que enfrontarnos coa dor, o pranto, a señardade e o medo.

Endexamais botáramos tanto en falla, alangreáramos tanto por todo, nin  
devecéramos así por nada.

E esta foi a primeira vez que alguén nos ensinou tanto.

Tivo que chegar ela, para decatarnos de que vivíamos coma se fose para sempre.  
De que esperábamos a vivir mañá. De que esqueceramos valorar ou estimar.

Agora, non vaíamos a esquecer.

Non vaíamos esperar, para sorrir, para apertar, para bicar nin tan sequera para  
falar.

E aínda que algúns vivirán coma se nada,

Nós, viviremos coma se todo.

Viviremos agora.

*Vivamos é da autoría de Lucía Cabado López, do 2º curso do réxime modular do  
Ciclo superior de Administración e finanzas*



**A DERRADEIRA VEZ**, por *María*

Era unha mañá de colexio normal na que unha nena de papá enfadouse con el por non levala e ter que ir camiñando.

Nese intre non o notou, non notou a súa cor amarela, non notou as súas bolsas nos ollos nin os suores que tiña, non notou a mirada de derrota que lle botaba, non notou que el xa se rendera e tampouco notou que esa sería a derradeira vez que o vería.

No seu mundo de nena esa era a primeira vez que ela sufría, esa era a primeira vez que alguén lle morría.



*A derradeira vez é obra de Alba Méndez Cinza, alumna de 1º de Ciclo Medio de Actividades Comerciais*

### Relatos presentados polo alumnado

#### **BÁGOAS**, por DW67

*.Pseudónimo: DW67*

*.Autora: Ana M<sup>a</sup> Docal Fandiño*

*.Curso de especialización en Ciberseguridade en  
contornos das tecnoloxías da información*

Sentía unha dor forte que me oprimía o peito, pero as bágoas non querían saír. Mirábate e pensaba no insignificantes que se volveran o resto das persoas, o mundo seguía xirando pero ti non puideches seguir movéndote máis. Collida da túa man xogaba cos teus dedos, memorizando cada detalle da forma das túas unllas, as engurras dos teus dedos, o branca e xélida que se volveu a túa pel.

A rabia seguía medrando dentro de min, mentres lembraba que cando era unha cativa a solución era só unha aperta, unha aperta que ao facerme adulta deixou de importar... Se ti fuches tan grande cando te necesitaba, por que eu fun tan pequena?

A noite que saíu da túa boca a última bafarada, a culpa afogaba as miñas bágoas deitada na cama, porque esa era a primeira vez que alguén que me importaba chegaba ao final do seu camiño.

#### **17+1**, por Mister R.

*.Pseudónimo: Mister R.*

*.Autora: Jenny Luaces Balado*

*.2º CM Actividades Comerciais*

So ían ser 15 días, dicían...

A primeira corentena da miña vida, e con tan só 17 anos. O peor era que estaba a nada de cumprir a maioría de idade. A primeira vez que alguén me dixo que sempre ía recordar os meus 18, non imaxinaba que mo diría tan en serio. Sen festas nas que poder celebrar. Sen poder xuntarme cos meus amigos...

Non me dei de conta ata ese día. O mellor aniversario da miña vida. Si, sen os meus amigos de sempre, sen esas verbenas... pero coa miña familia.

Ese día non só celebramos que xa había 18 anos que chegara a este mundo. Celebrabamos que estábamos todos.

Por sorte, o bicho non deu entrado na miña casa.

Por sorte, aínda podía soprar as candeas mentres os meus avós me fotografaban.

### Relatos presentados polo alumnado

*.Pseudónimo: Namor*

*.Autor: Daniel Román Castro*

*.2º CS Márketing e publicidade*

#### **ÁS ROTAS**, por *Namor*

Un pobre anxo deixou de voar porque lle arrincaron as súas ás.

A primeira vez que alguén tratou de quebrar a súa vida, romper coa xuventude dun neno que unicamente buscaba ledicia, tivo a sensación de que crer nun mundo distinto non vale nada.

Desapareceu a persoa máis querida, así mesmo a súa alma e forza fuxiron con el; a perda de afecto provocou un grave efecto, a aptitude nunca máis terá actitude, agora non pode estar confiado, xa que primeiro debe estar consigo.

Como pode ser que sendo responsable de alguén non soamente o abandonas, se non que deixas unha carga tan difícil de superar? Iso pensou el, pero no mundo no que vivimos tratan de responsables dos erros de algúns ás propias vítimas. Esta é a sociedade que non te deixa levantar cabeza.

Botou unha mirada ao ceo, acabou botando a esperanza dun futuro novo.

*.Pseudónimo: Psique*

*.Autora: Noemí González Pena*

*.1º CS Márketing e publicidade*

#### **19 DÍAS E 500 NOITES**, por *Psique*

Foi naquel concerto, acórdaste? Sempre ficará no meu eterno pensamento. Sabina cantaba e a noite fixérase nosa. Aquela foi a primeira vez que alguén nubrou a miña mente por completo; pareime a buscar unha palabra durante cinco segundos, pero nin a voz da mesmísima Rosalía podía relatar o que estaba a sentir. Como aprende unha a esquecer?, pregunteime a min mesma. O que non sabía era que o amor non se podía esquecer, e menos cando o que permanecen só son grises e mundanos recordos.

Estaba anoitecendo e o solpor encantaba o ceo mentres a lúa ía vestindo o sol. Naquel intre comecei esta carta, que sei que nunca lerás. A soidade apodérase cada día máis da miña alma, tanto que nin os 19 días e as 500 noites serán suficientes para assimilar que xa non estás.



### Relatos presentados polo alumnado

*.Pseudónimo: MA*

*.Autora: María Arribí Rodríguez*

*.1º CS Xestión de vendas e espazos comerciais*

#### **A VIAXE QUE NOS TOCA VIVIR**, por MA

Apoiado na varanda da súa casa, na que vivía dende que naceu, vía a vida pasar e estrañaba acotío aqueles tempos máxicos, que sabía que non ía revivir xamais.

Cada vez que me vía, non paraba de repetirse: “Mocidade divino tesouro”.

Estaba dende había moito tempo sumido nunha tristeza, da que non levantaba cabeza e a cal lle impedía vivir feliz.

Un deses días, estabamos na adega. Sentou ao meu lado nun barril medio comesto e desvencellado.

Colleu unha bocalada de aire, agarrou a miña man, e con bágoas nos ollos, díxome:

“Non deixes escapar a vida, porque voa nun intre”.

*.Pseudónimo: DeleG.B.*

*.Autor: Francisco Manuel Gavilán Bellón*

*.1º CS Desenvolvemento de aplicacións web*

#### **AVENTURA**, de DeleG.B.

Matt pasou por alí, o colleu, nunca volveu, pero despois recordou que a primeira vez que alguén o fai, non hai volta atrás.

Relatos presentados polo alumnado

**CARTA PARA UN MESMO**, por *Eu mesm@*

*.Pseudónimo: Eu mesm@*

*.Autora: Silvia Valencia Meizoso*

*.1º CM Dual de Comercialización de produtos alimentarios*

Sei que aquela mañá levantácheste desexando que todo fora un mal sonho...

A primeira vez que alguén perde a unha persoa importante na súa vida é un momento moi duro... sénteste baleiro, coma nun pesadelo, fóra da realidade...

Son momentos nos que abriches moito os ollos, viches a quen tiñas... e, co tempo, pouco a pouco, descubriches que a primeira persoa pola que tes que loitar é por ti mesmo.

Non deixes de crer en ti, aproveita cada momento no lugar que esteas... sempre sendo ti mesmo, crecendo cada día, intentando ser mellor e sendo esa persoa que queres ser.

Non esquezas: Amar, Bicar, Confiar, Desfrutar, Erguerte, Falar, Gozar, ser Honesto, Imaxinar, Lograr, Madurar, Namorarte, ser Ñoño, Observar, Pasear, Querer, Rir, Sentir, ser Tolerante, Vivir, ser Xusto.... E, se nalgún momento Zoupas... LEVÁNTATE CON MOITA MÁIS FORZA!!!

QUÉRETE MOITO!!!

VIVE!!!

**CATRO DE FEBREIRO**, por *M de May*

*.Pseudónimo: M de May*

*.Autora: Noelia Martínez Fernández*

*.1º CM Actividades comerciais*

Unha vez preguntáronme por ti. A verdade e que, por un momento, quedei pasmado sen saber o que responder. Non vou mentir, caíanseme as bágoas e a gorxa apertábame sen poder dicir nin unha soa palabra. Non podía crer que a primeira vez que alguén me preguntaba por ti, miña nai, tivese que ser esa persoa que ten os teus mesmos ollos. A mesma cara de anxo.

Non sabía que dicirlle, nin como explicarlle o motivo de por que xa non estas aquí. Ensineille una foto de cando empezaches a quimio e preguntoume por ti, que como eras. Mirando a foto acordeime daquel día, limpei todas as bágoas que tiña no meu rostro, sorrín como ti estabas naquela imaxe e contesteille:

" Era fermosa. Era loitadora. Era a túa avoa."

### Relatos presentados polo alumnado

*.Pseudónimo: Tellas Verdes*

*.Autora: Lucía Caamaño Chouza*

*.1º CS Guía, información e asistencia turística*

#### **COUSA DE NENOS**, por *Tellas Verdes*

A primeira vez que alguén mencionou o seu nome tiña uns cinco anos, pero lémbrome como se fose hoxe.

A Ramponia, dixo meu avó que se dedicaba a levar aos nenos que se portaban mal, non sei ben a onde, o que sei é que ninguén os volvía ver. Iso, xunto coa cara de terror dos meus curmáns, quedoume gravado no cranio, non había noite na que antes de adormecer non maxinase na Ramponia.

Pasou o tempo e esquecínme do conto ata que un día paseando por Compostela, nunha enxebre tasca, un vello cantaruxou:

“A Ramponia de neno me levou e ao seu lar este home non voltou,  
mais eu quixera voltar aló ao lado do mar,  
Se a Ramponia me perdoa heille de levar boroa  
E se non me quere perdoar borracho en Santiago hei de quedar”.

Cousa de nenos, de vellos ou de borrachos, non sei... A Ramponia...

*.Pseudónimo: Loura Escarlata*

*.Autora: Lidia López Pérez*

*.2º CS Administración de sistemas informáticos  
en rede*

#### **NÉBOA**, por *Loura Escarlata*

- E ti es...- estaba a piques de presentarme co meu sorriso “sexamos amigos” e de estreitarte a man, cando un sentimento de afogo e unha serie de imaxes comezaron a pasar pola miña cabeza, coma se dunha película se tratara. Era eu, sempre era eu; eu coñecéndote, eu presentándome co meu sorriso, eu rindo contigo, eu compartindo momentos contigo, eu afastando aos meus amigos, eu saíndo contigo, eu discutindo cos meus pais, eu confiando en ti, eu evitando á miña familia, eu dependendo de ti, eu pelexando contigo, eu soa, eu perdoándote, eu tendo medo de perderte, eu perdida.

Eu sen vida.

A primeira vez que alguén se me presenta, adoito dar o meu mellor sorriso. A ti, soamente quero darte a miña mellor despedida.

Non vou perderme para gañarte.

Relatos presentados polo alumnado

*.Pseudónimo: Zacki*

*.Autora: Irene Mira Sánchez*

*.1º CS Xestión de vendas e espazos comerciais*

**O DÍA QUE TE COÑECÍN**, por *Zacki*

Lémbrome a cada instante do día no que te coñecín; estabas na que máis tarde volveuse a nosa fonte, a cal visito cada amencer para achegarme un pouquiño máis a ti. Aquele día lanceime e achegueime, achegueime coa escusa da hora á que pasaba o autobús, autobús que eu collía cada mañá, e: -ás doce- dixeche con esa voz tan doce. Ruboriceime, sorriches e mireite aos ollos como a primeira vez que alguén ve as ondas do mar, e dende aquel momento souben que para atopar o meu camiño, tiña que miralos.

Como cada día, contáballe os seus problemas, as súas queixas e as súas alegrías, todo o que pasaba naquela vida que xuntos formaran. E como cada día dicíalle:

-Bótote tanto de menos...- Pero a cadeira de carballo coa almofada vermella na que sempre mirabas pola fiestra seguía baleira.

*.Pseudónimo: A dupla*

*.Autora: Tatiana Pena Díaz*

*.2º CM Actividades comerciais*

**ONDAS NO MEU CORAZÓN**, por *A dupla*

Aínda a recordo. Aínda a sinto comigo, ao meu carón. Eses ollos azuis coma o mar, ese pelo dourado e esas meixelas vermellas non deixan descansar a miña mente. Síntoa próxima, síntoa aquí, con ese desexo de vivir, con ese sorriso, con ese xeito de amar.

Non me esquezo dese verán, non esquezo ese bico, non me esquezo desas noites nas que me sentín o home máis rico, non me esquezo deses recordos, non a esquezo.

O sol converteuse en lúa nun abrir e pechar de ollos e, agora que xa non estás, bágoas caen dos meus ollos.

O verán deume vida e o outono quitouma, a primeira vez que alguén me roubou o corazón.

Relatos presentados polo alumnado

*.Pseudónimo: Gertrudis*

*.Autora: Alba Teijeiro Gómez*

*.1º CM Actividades comerciais*

**DO INFERNO AO CEO (NUN SÓ PASO),** por *Gertrudis*

Eu, que era máis do lume do inferno  
e que a miña afección era queimarme  
en falsos beizos e ollos ardentes de desexo, o desexo de pecar...  
Caín sen buscalo nos brazos dun anxo.

Da súa man coñecín o ceo  
e máis dunha vez toquei as estrelas.

Camiñamos durante horas no infinito Cosmos,  
xogando cos satélites e os meteoritos.

Eramos inmunes ao caos que nos rodeaba, alleas a todo aquilo,  
como dúas nenas pequenas enredando coa area.

A primeira vez que alguén me facía sentir protexida e segura.

A pesar de ser ceo, con ela sentía que estaba en chamas,  
sentía máis lume que no propio inferno.

*.Pseudónimo: Capdevielle*

*.Autor: Xoán Porto*

*.Curso de especialización en Ciberseguridade en  
contornos das tecnoloxías da información*

**LIBRE,** por *Capdevielle*

A primeira vez que alguén me estreitou entre as mans, sentín unha mestura de  
tremor e pracer.

Como a primeira vez que deixei aloumiñar –pola palma dunha man allea– as  
miñas fibras en tensión ou a primeira vez que achegaron a face para cheirar o  
aroma a tatuaxe fresca do noventa por cento da miña pel.

Ou a primeira vez que me meteron a xema húmida dos dedos para me abrir polo  
medio...

A primeira vez que alguén me volveu ao andel da biblioteca, sentín unha  
mestura de perda e acougo.

Perda porque aínda non sabes se me vas máis ler.

Acougo porque sabes que son libre. Porque son de todos e son de ninguén.

### Relatos presentados polo alumnado

*.Pseudónimo: Don Perignon*

*.Autor: Jorge Perille Arribe*

*.Curso de especialización en Ciberseguridade en  
contornos das tecnoloxías da información*

#### **SEMPRE TI! A ÉTICA E O HACKING**, por *Don Perignon*

Daniel sempre foi un rapaz inqueda. Xa de moi cativo, adoitaba formular preguntas moi intelixentes, mais sempre cun toque de sorna e retranca considerable. Os mestres sempre lle dicían:

“Sempre ti, Daniel!”

Cando medrou, a súa curiosidade centrouse no tecnolóxico. Como estudante de seguridade informática, coa súa curiosidade innata, deu por tropezo (e por que non dicilo, clara neglixencia técnica) coa conta de acceso de administrador dun importante servidor do Goberno.

Fíxollo saber aos seus docentes e estes informaron aos responsables técnicos. Con todo, nada cambiou.

Daniel non se podía conter: tanto plan do Goberno falando da importancia da ciberseguridade e a algo sinxelo de amañar non se lle poñía solución. Contactou por sede electrónica notificando a incidencia.

O ruído das sereas esvaeíase mentres o coche de policía levábao preso... non é a primeira vez que alguén inocente acaba na cadea. Son tempos difíciles para a ética no mundo do *hacking*.

#### **O ÚNICO NO MUNDO**, por *Yaso*

*.Pseudónimo: Yaso*

*.Autor: Brais Yáñez Soto*

*.1º CS Xestión de vendas e espazos comerciais*

A primeira vez que alguén chegou ao mundo destacou entre todos os demais porque era o único, ao ser o primeiro, era o único, ten lóxica. Entón, esta persoa que chegou primeiro ao mundo e resulta ser a única e destacar chámase Solo, Hans Solo.

Co paso do tempo, Hans Solo seguía a ser a única persoa do mundo ata que un día comezou a ir mellorando moi rapidamente a súa forma de vida, espertou e volveu coa súa familia.

### Relatos presentados polo alumnado

*.Pseudónimo: Kuraia*

*.Autor: Ignacio Fernández Sainz*

*.1º CS Desenvolvemento de aplicacións web  
(distancia)*

#### **UN DÍA DE FE PERFECTO**, por *Kuraia*

Pasaron varios anos, demasiados quizá, pero aínda sigo lembrando con agarimo os cheiros que impregnaban as estancias da casa dos meus avós. O cheiro a radiador de ferro a pleno funcionamento, a fragancia que desprendían as calas que repousaban nun antigo acuario de cristal, o perfume que compraban en Valença do Minho que repousaba nas almofadas dos catro dormitorios da vivenda e, por suposto, o mellor de todos, o recendo dos abrazos e apertas que nos daban e que conseguía que durante ese día tivéssemos a sensación de poder con calquera adversidade que se presentase.

Hoxe foi a primeira vez que alguén moi próximo me dixo que eses eran uns días de fe perfectos.

Dou fe.

*.Pseudónimo: Root*

*.Autor: Eduardo López Díaz*

*.2º CS Administración de sistemas informáticos  
en rede*

#### **SEMPRE SERÁ A PENÚLTIMA**, por *Root*

Acostumamos dicir que sempre hai unha primeira vez para todo. Dende que comezamos a camiñar cando somos uns pequerrechos ata que perdemos o medo a voar nun avión se cadra... Pero o ano pasado, un ano moi complicado polos acontecementos que aínda seguimos a vivir, foi a primeira vez que alguén deixou de ir ás festas de Betanzos e ás romarías de San Xoán. E tamén foi a primeira vez que alguén quedou sen poder xogar o seu partido de baloncesto as fins de semana, a primeira vez que alguén quedou sen concertos... Hai un ano foi a primeira vez que alguén deixou de facer tantas cousas que ata hai un ano e medio considerabamos tan normais... Todo por responsabilidade. Como cambiaron as cousas nuns meses, non si? Mais estou seguro de que nalgún momento das nosas vidas volverá haber unha primeira vez para alguén e para moitas cousas...



Relatos presentados polo alumnado

*.Pseudónimo: JR*

*.Autora: Jorge Juan Ramos*

*.1º CS Márketing e publicidade*

*.Fóra de concurso*

**XAN COÑECE A XAN**, por JR

Xan non era Xan naquel momento. Cada día, cada semana, eran iguais para el. Non é a primeira vez que un rapaz se agocha en si mesmo, xa lle pasará. Pero non lle pasaba. Xan seguía sen ser Xan.

Non había bromas, nin vitalidade. Tampouco música a todo volume no seu cuarto a todas horas.

Hai que falar con Xan. Hai que sacar a Xan. Non é un proceso fácil. Xan ten que querer saír.

Máis días, máis semanas, ata meses.

Xan está a coñecer a alguén. Chámase Xan.

Xan está volvendo ser Xan. Xan estalle a axudar. Tiñan razón. Xan tiña que querer saír.

Menos mal que coñece a Xan.

Xan non era Xan naquel momento. Cada día, cada semana eran iguais para el. Non é a primeira vez que un rapaz se agocha en si mesmo, xa lle pasará. Pero non lle pasaba. Xan seguía sen ser Xan.

Non había bromas, nin vitalidade. Tampouco música a todo volume no seu cuarto a todas horas.

Hai que falar con Xan. Hai que sacar a Xan. Non é un proceso fácil. Xan ten que querer saír.

Máis días, máis semanas, ata meses.

Xan está a coñecer a alguén. Chámase Xan.

Xan está volvendo ser Xan. Xan estalle a axudar. Tiñan razón. Xan tiña que querer saír.

Menos mal que coñeceu a Xan.

*.Pseudónimo: LPV*

*.Autor: Lois Rodríguez Oleaga*

*.1º CM Sistemas microinformáticos e redes*

**ZACIAN E O DEMO BUGARAT**, por LPV

Karnac era un planeta pacífico onde todos vivían en paz ata que un día uns feiticeiros realizaron un conxuro que invocou ao demo Bugarat, que inmediatamente atacou a cidade principal. Zacian cos seus propios ollos vía a toda a súa xente sendo atormentados por esa maldade vivinte. Só había unha forma de deter esta traxedia, portar a espada lendaria e a melodía, obxectos dos deuses que ao demo selarían recitando cada palabra desta doce melodía. Era a primeira vez que alguén utilizaba os obxectos sagrados.

Zacian: “SER DEMONIACO PORTADOR DESTAS DESGRAZAS, QUE O PODER SAGRADO FIN TE POÑA”. A continuación coa espada mítica ao demo partiría, ese corpo demoníaco que foi partido en dous coa melodía no seu corpo Zacian o encerrou, para acabar o selado Zacian pediulle ao seu irmán, o outro gardián do planeta, que acabara coa súa vida selándoo por completo, rematando este relato...

## Concurso de microrrelatos

### Microrrelato gañador (resto da comunidade educativa)

#### UNHA MAÑÁ DE PRIMAVERA, por Mabel



Todo comezou unha mañá de primavera. O sol calentaba o meu corpo e aquel ulir a lavanda facíame estar máis contenta do normal. Eu notaba que non era un día máis, algo raro estaba a pasar, pero non sabía ben o que.

Pasaban as horas e o meu corpo comezou a cambiar. Notaba medo, sentía moitas palpitacións e a miña nai choraba. Eu non entendía nada. De súpeto, vin claridade, vin luz. Púxenme nerviosa, non sabía que facer, pero sabía que miña nai non ía permitir que me pasase nada malo, así que me deixei levar. Notaba que estaba a facer ben as cousas, ela guiábame.

*A profesora Tania Vieites Salgado recollendo o premio e lendo o seu microrrelato*



Doíanme os ollos, aquela claridade facíame dano. Por primeira vez chorei, pero ela estaba alí para calmarme. Foi a primeira vez que alguén me bicou e abrazou. Foi miña nai ese día, o día que me trouxo ao mundo, o día que nacín.

*Unha mañá de primavera é obra de Tania Vieites Salgado, profesora da familia profesional de Comercio e márketing*

### Relatos presentados polo resto da comunidade educativa

.Pseudónimo: Lola Meca

.Autor: Lía López González

.Profesora da familia profesional de Comercio e  
márketing

#### VESTIDA PARA A OCASIÓN, por *Lola Meca*

Subín as escaleiras coma se os meus pes fosen de chumbo. Tiña sido un día complicado, as chamadas dos provedores, os choros, a porta do despacho da directora pechada todo o día, o xefe desaparecido.

Os compañeiros souberan do desfalco pola prensa, o normal. O fulano fixera ben as cousas, si señor, mais de dous millóns de euros daranlle para moito en Brasil ou nas Maldivas ou para onde carallo tivese marchado.

Esa non era a primeira vez que alguén me enganaba pero si na que o fixeran tan ben feito. Meses de promesas: “Xa verás que ben estaremos”, “ Para cando se dean conta xa estaremos tomando *caipirinhas* na praia”. *Caipirinhas*, *caipirinhas*, fillo da...

Por volta das dez chamaron á porta. Eu xa estaba pronta, duchárame e vestírame para a ocasión, estilo *casual* pero elegante, non era cuestión de presentarse fronte ao xuíz feita un desastre.

.Pseudónimo: Fabio Esnorkel de la Hungry

.Autor: Pablo Riveras Rivas

.Profesor da familia profesional de Comercio e  
márketing

#### CLASE DE LINGUA, por *Pablo Esnorkel de la Hungry*

Un barco da República francesa cruza o estreito de Xibraltar rumbo a Exipto. A bordo, a futura emperatriz contempla o mar. Unha sombra sube dende o fondo e ao saír da auga dispersa miles de reflexos prateados. “É a primeira vez que alguén ve unha serea”, di sen entusiasmo.

Ese mesmo día, a futura raíña das profundidades sube a ver as estrelas por última vez. Ao volver mergullarse achégase onde o seu pai, o mesmísimo Deus Neptuno, e espétalle: “É a primeira vez que alguén ve unha serea”. “Foi”, corrixiu o monarca.

### Relatos presentados polo resto da comunidade educativa

*.Pseudónimo: Alecrín*

*.Autora: Rocío García Brandeiro*

*.Profesora da familia profesional de Comercio e  
márketing e Coordinadora da Biblioteca do  
centro*

*.Fóra de concurso (presidenta do Xurado do  
Concurso de microrrelatos)*

#### **BOLBORETAS NO BANDULLO**, por *Alecrín*

Seis anos, acompañados de pouco máis dun metro de estatura, aferrados a un picaporte era todo o que tiña naquel intre.

Levaba días procurando o mellor vestido... aquel, que tamén iría acompañando ó meu sorriso máis temeroso. Non coñecía a aquel home, só sabía que viña a facerse co meu tesouro máis valioso... “Como me enfrontaría a aquela situación?, gustareille?, serei quen de chegar a querele?”. As preguntas non paraban de sucederse na miña cabeza... e a saia da miña nai xa non me serviría de refuxio, ese, onde sempre podía agocharme.

Era a primeira vez que alguén irrompía dese xeito na miña vida, e a pesares de todo o que me dixeran a miña avoa, non sabía nin como chamarlle, levaba semanas dándolle voltas, pero ao fin collín aire e coa man tremendo abrín a porta... De súpeto, aquelas dúas palabras resoaron como dúas campás repenicando naquela habitación: “Ola papá”.

*.Pseudónimo: Mingosi*

*.Autora: Miriam García Calaza*

*.Profesora da familia profesional de Comercio e  
márketing*

#### **PESADELOS**, por *Mingosi*

Oh! Meu deus! Vaime o corazón a mil! Anda! Teño os ollos chorosos! Chego tarde! Outra vez! Uf! Foi un pesadelo! Menos mal!

Menos mal, non. Xa se fixo realidade. E agora repítese cada vez que pecho os ollos. A primeira vez que alguén me contou que pasan estas cousas, boteime a rir. E aquí me tes, camiñando durante horas, uns días de vagar e outros días a fume de carozo. Camiño e converso coa area e as estrelas, pero tampouco hai resposta, xa nada é o mesmo. Contáronme que xa non comes, que xa non ris, que xa non dormes, que xa non está. A primeira vez que alguén che conta como lle esnaquizaron o corazón, sempre te botas a rir.

### Relatos presentados polo resto da comunidade educativa

*.Pseudónimo: Buttercup*

*.Autor: Raquel Sabín Pedre*

*.Profesora da familia profesional de Comercio e  
márketing e Coordinadora do Equipo de  
Dinamización de Lingua Galega do centro*

#### **ESPERANZA**, por *Buttercup*

Non puido evitar sorrir ao recordalo. Fora a primeira vez que alguén o facía rir así dende que caera, sen decatarse case, naquela tristura infinita. Volverase cínico e descrido e entrara nunha espiral de autodestrución e culpa que parecía arrastralo sen remedio.

Ela mirarao sorprendida, con certa inxenuidade, sen comprender. Parecéralle que había nos seus ollos certo temor. Pensara quizais que se estaba a rir dela? A dúbida non durara moito xa que, case inmediatamente, ela sorrira. Ao primeiro, timidamente. Logo, con ese sorriso pícaro que a caracterizaba e que ás veces a facía parecer un pouco infantil.

Decatouse de que pasara moito tempo evocando a escena, perdido nos seus recordos. Curiosamente, había tempo que non se sentía tan ben. Sentíase lixeiro, tranquilo, esperanzado. Case alegre, incluso. Quizais chegara o momento de saír daquela néboa espesa. Quizais chegara o momento de vivir. Púxose de novo a cavilar. E sorriu.

*.Pseudónimo: Mary Poppins*

*.Autora: María Molíns*

*.Profesora do Departamento de Formación e  
Orientación Laboral*

#### **PODES**, por *Mary Poppins*

A primeira vez que alguén lle dixo que non podía, as bágoas correron polas súas meixelas sen remisión. A pena afondaba irremediabilmente no seu interior, botando por terra todos os seus esforzos. “Que non podía, que non era quen, que non daría...” Palabras que rebotaban entre as súas tempas...

Pero esa fada madriña que tan ben lle coñece, con só unha ollada soubo o que pasaba. Non ía permitir que ninguén lle cortase as ás. Ese líquido salgado que lle percorría a cara, non sería en balde; daríalle forzas para se erguer e berrar; berrar ao mundo que si podía, que si era quen, que si daría...

No que dura un esbirro, o queixume tornou logo nun sorriso; o seu corpo encollido tornou nun peito inchado, e a súa actitude influenciábel e insegura tornou nunha persoa forte, decidida, con capacidade de sacrificio, que podería con todo o que se propuxera.

### Relatos presentados polo resto da comunidade educativa

#### IGUALDADE... REAL?, por *Mata Hari da Xustiza*

*.Pseudónimo: Mata Hari da Xustiza*

*.Autor: José López Villar*

*.Profesor da familia profesional de Informática e comunicacións*

- Bos días, chámolle da Xunta para notificarlle que hai unha vacante para traballar no matadoiro de Cantalarrana.
- Ah, estupendo!
- Sería para comezar o luns.
- Non hai problema; estarei algo máis cansa porque fun nai fai catro días, pero venme ben.
- Eh... desculpe, se acaba de ser nai, non pode aceptar ese chamamento, e vémonos na obriga de penalizala un ano nas listaxes de contratación porque...
- Como?! Se eu só quero traballar! Como me van penalizar por ser nai!
- Non muller... non o collas así, pero por Lei tes dereito a un descanso obrigatorio de seis semanas e o primeiro debe ser coidar do teu pequeno... ou non é así?
- Quero ser nai, pero tamén realizarme profesionalmente, e cobrar. Onde quedan os dereitos á igualdade e conciliación? É a primeira vez que alguén me fai esta discriminación!
- Se non está conforme, reclame!

*.Pseudónimo: Barista*

*.Autor: Raúl Aneiros Cabana*

*.Profesor da familia profesional de Informática e comunicación, vicedirector do centro e membro do EDLG  
.Fóra de concurso (membro do xurado)*

#### INSTINTO BÁSICO, por *Barista*

Foi o instinto. Tivo que ser. A primeira vez que alguén o fixo tivo que ser polo pulo dun instinto animal irrefreable.  
Cando sentiu aquel desacougo tan fondo, aquela punzada no ventre ...  
A necesidade foi máis forte e botoulle as mans, escudriñouna, abriuna, cheirouna, huuumm! Chuchouna, gozou dela e saciouse. Non se arrepentiu. Por fin matara a fame con esa centola tan fea ... pero que estaba tan gorentosa!

*.Pseudónimo: Sen pseudónimo*

*.Autor: Alberto Casal Lamas*

*.Profesor da familia profesional de*

*Actividades físicas e deportivas*

*.Fóra de concurso*

#### **O ÚLTIMO PENALTI**, sen pseudónimo

Cuco Angrois non se deixaba gañar nunca, e hoxe non ía ser unha excepción. O seu espírito competitivo era tan esaxerado que mesmo o seu adestrador o refreaba de cando en vez nos partidos: “Mira que es teimudo! A competición está no ADN do deporte, pero tamén pasalo ben, home, que sofres demasiado se perdes, non o disfrutas!” Ese mesmo adestrador, antigo xogador de primeira división, foi quen descubriu o seu potencial cando o atopou rachando cristais a pedradas na vella fábrica de refrescos da rúa Xeneralísimo, e dende aquela sóbolle meter a Cuco o amor ao balonmán. Practicaba todas as tardes, despois da merenda de pan con Nocilla (só dunha cor, como non!) que con matemática puntualidade lle preparaba a súa nai despois de saír da pasantía. Ciscaba os libros no escritorio caótico do seu cuarto e saía disparado a facer fintas e lanzamentos contra a parede do garaxe, montando un “soniquete” continuo de rebotes e “trallazos”.

Por ese motivo, ademais das súas condicións naturais, convertérase no máximo goleador da liga, xogando de extremo destro dende onde as cravaba todas, tanto ao pau curto como fintando por derriba dos porteiros rivais.

Pero hoxe non estaba a ser doado, e o seu equipo non estaba a render como o facía decotío, dándolle pases a el para que finalizase. Quizais en parte debido a que Jorge Ferradas levaba máis minutos xogando que noutras ocasións; Jorge era o exemplo de xogador “de fondo”: pouco acertado, miúdo e aínda de corpo infantil, as súas escasas habelencias eran froito do traballo diario, de non fallar a ningún adestramento, de ser constante e paciente... pero seguía a ser malo con avaricia. “Adestrador, saca a Jorge un pouco!”, berroulle Cuco cando viu que o equipo seguía dous por debaixo e só restaban tres minutos de partido. Pero o adestrador, tan teimudo coma Cuco na defensa da súa filosofía do deporte, mantiña a Jorge na pista, outorgándolle os minutos que o seu esforzo diario merecían.

Se foi por “chiripa” ou ao pulo colectivo non o saberemos nunca, pero o caso é que coa conta atrás detida en seis segundos para a fin de partido, o marcador amosaba un empate a 21 goles, e coa sorte que fallou durante todo o partido desta vez de cara: penalti sobre Cuco por defensa interior cando saltaba con forza para estrelar de novo o balón no fondo da rede. Cuco xa refregaba as mans: pan comido, gol e trofeo de Copa que recibiría na función do domingo nas festas de Serantes, con todas as mozas mirando para el, enchido o peito de satisfacción. Tiña mais ilusión pola Copa que por calquera outro título, o “momento escenario” en plan estelar era a súa perdición.

O pivote pasoulle o balón como era costume para ensaiar o lanzamento, pero un chispazo o sacudiu cando ao recibir o balón cruzou a súa mirada con Jorge; os seus ollos reflectían tristura pese a saber que con esa acción seguramente gañarían o partido. Unha voz interior, un pensamento durmido no máis fondo da súa mente xurdiu para concretarse nun acto imprevisto: cederlle o balón para o último lanzamento. “Jorge, sen presión, faino como nos adestramentos”, tranquilizouno Cuco.

Non contaremos o final da historia, non é o máis importante. O caso é que hoxe Cuco peitea canas adestrando ao equipo da cidade, cada día con máis seguidores. Un deles o antigo adestrador, velliño pero feliz do seu equipo da alma...



## Conmemoración do Día do Libro e proclamación dos gañadores do VIII Concurso de microrrelatos



O venres 23 de abril, co gallo do Día do Libro (que, como é tradición, se celebra o día de San Xurxo e cabodano das mortes de escritores tan senlleiros na literatura universal coma Shakespeare e Cervantes), por mor das precaucións sanitarias que a pandemia nos impón, substituímos a tradicional xuntanza no noso salón de actos para presentar algún libro e para proclamar os vencedores do noso concurso de microrrelatos, por un reparto de caraveis canda os dous textos gañadores.

Ao tempo desta simbólica entrega, fíxose público o fallo do xurado do VIII Concurso de microrrelatos, que seleccionou en primeiro lugar o texto “Vivamos”, de Lucía Cabado López, alumna de 2º CS de Administración e finanzas de réxime modular, e como segundo galardoado o microrrelato titulado “A derradeira vez”, da autoría de Alba Méndez Cinza, alumna de 1º CM de Actividades comerciais.



Ademais, colocouse un *stand* conmemorativo na entrada do centro, onde podía recoller o caravel e os microrrelatos aquel alumnado que non estivera no seu momento nas aulas. Aproveitouse tamén para difundir o perfil de *Instagram* da Biblioteca, invitando ao alumnado a participar nun sorteo de seis libros, festexando así este día tan especial.



Arriba, imaxe do texto gañador e cartel do concurso.  
No centro, Lucía Cabado e Alba Méndez recibindo os seus premios.  
Abaixo, imaxe do stand conmemorativo.



## Xela Arias (1962-2003)



Xela Arias (Sarria, 1962-Vigo, 2003), poeta, tradutora e editora, desenvolveu o seu traballo profesional en Edicións Xerais entre 1980 e 1990. Tras licenciarse en Filoloxía, exerceu como profesora de ensino secundario ata o seu falecemento.

Como poeta, publicou os libros «Denuncia do equilibrio» (1986); «Tigres coma cabalos» (1990), en colaboración co fotógrafo Xulio Gil; «Darío a diario» (1996), e «Intempériome» (2003). Posuidora dunha voz inclasificable, a súa obra poética está marcada pola innovación e unha intención transgresora da palabra.

Como tradutora, verteu ao galego obras de Fenimore Cooper, Jorge Amado, James Joyce, Camilo Castelo Branco, Roald Dahl, Angela Carter, Baudelaire ou Alice Vieira, labor polo que recibiu recoñecementos como a Medalla do Prémio de Tradução Sociedade de Língua Portuguesa, o Premio Ramón Cabanillas de Tradución ou o Premio Plácido Castro.

Na obra de Xela Arias destacan os títulos seguintes:

### POESÍA:

- Denuncia do equilibrio
- Tigres coma cabalos
- Darío a diario
- Intempériome

### TRADUCIÓNS:

- (Amor de Perdição): Amor de perdición, de Camilo Castelo Branco (1986, Xerais), Premio de Tradução Sociedade da Língua Portuguesa
- (Favole al telefono): Contos ó teléfono, de Gianni Rodari (1986, Editorial Juventud)
- (El bosque animado): O bosque animado, de Wenceslao Fernández Flórez (1987, Xerais)
- (The Witches): As bruxas, de Roald Dahl (1989, Xerais)
- (Belle-dame de la mer): Belle-dame de la mer, de Anke de Vries (1990, SM)
- (Dubliners): Dublineses, de James Joyce, con Débora Ramonde y Rafael Ferradás (1990, Xerais).
- (The Last of the Mohicans: A Narrative of 1757): O derradeiro dos mohicanos, de James Fenimore Cooper (1993, Xerais), Premio Ramón Cabanillas
- (Briefgeheim): A carta en clave de Jan Terlouw (1995, SM)
- Drácula, de Bram Stoker (2000, Xerais),
- (Le Spleen de Paris): O Spleen de París de Charles Baudelaire (Bivir), Premio de Traducción Plácido Castro 2004 (póstumo)



Xela Arias, X. García Crego e Celia Torres en Xerais 1989.  
Autor: Vilar Cardona.

### *Aldaolado: música e poesía*



O mércores 19 de maio tivo lugar no noso salón de actos o espectáculo de poesía musicada titulado Aldaolado, nome coincidente co da compañía que o leva a cabo e que está composta por dúas mulleres transgresoras e divertidas, Lucía Aldao e María Lado, cunha traxectoria de xa dezaséis anos dedicados a interpretar e espallar a poesía por todo o país.

Lucía e María fóronnos contando a través da música e a poesía, xunto con anécdotas persoais, como chegaron a este momento profesional e a poder vivir do que máis lles gusta. Ademais, déronnos unha lección de lingua galega, en clave de humor, sobre a colocación do pronome átono, para o que empregaron unha versión en galego da coñecida canción “Como yo te amo”.

A súa actuación foi, sen dúbida, unha bonita forma de homenaxear a outra poeta, tamén moderna e transgresora como foi Xela Arias, á que este ano se lle dedicou o Día das Letras Galegas.

O auditorio en directo veuse limitado a menos de 50 persoas polo protocolo COVID-19, pero puido ser seguido dende as aulas de xeito telemático.

Ademais, colocouse un mural tipo “collage” coa palabra XELA formado por fotografías de grupo tomadas nas aulas o Día do Libro. O alumnado debía substituír unha foto por unha cartolina de cor coa súa frase ou palabra favorita en galego.



*Mural conmemorativo da poeta Xela Arias. Letras Galegas 2021.*



### Actividades desenvolvidas ao longo do curso 2020-2021



*Profesorado do Departamento de Comercio e márketing*

#### NADAL

O Departamento de Comercio e Márketing encargouse, como é tradición, da decoración do centro con motivos das festas de Nadal.

Elaborouse, entre outras cousas, unha árbore de fotos para as que posaron os diferentes grupos dos ciclos que se imparten no centro e outros membros da comunidade educativa.



*Alumnado de 2º CS Xestión de Ventas realizando o mural de Nadal*

O alumnado encargado da decoración foi o de 2º CS de Xestión de Ventas e espazos comerciais, dentro do módulo de Escaparatismo e Deseño de Espazos Comerciais que imparte Rocío García Brandeiro.



*Alumnado de 2º CS Xestión de Ventas realizando e colocando o mural de Nadal*

### Actividades desenvolvidas ao longo do curso 2020-2021

#### ESCAPARATES SOLIDARIOS

O alumnado do Ciclo Medio de Comercialización de Produtos Alimentarios na modalidade de FP dual levou a cabo nestes días unha campaña de captación de alimentos e produtos de primeira necesidade dentro da actividade que denominaron "Escaparates Solidarios".



*Escaparates realizados polo alumnado de CM Dual de Comercialización de produtos alimentarios*

A idea xurdiu vencellada a unha actividade de deseño de escaparates que forma parte da súa formación académica e na que decidiron recadar alimentos e produtos de primeira necesidade que eles mesmos empaquetaron e doaron ao Banco de Alimentos Rías Altas de Ferrol. A súa pretensión era axudar a conseguir unha boa alimentación para todas as persoas en apuros, nestes difíciles tempos de restricións por causa da pandemia que nos asola.

A iniciativa foi todo un éxito, pois en doce días conseguiron xuntar 224 kg de produtos.



*Quilos de solidariedade*




*Alimentos con mensaxe*



### Actividades desenvolvidas ao longo do curso 2020-2021



*Alumnado do CS de Administración e finanzas nunha das charlas orientadas á súa familia profesional*



*Carla Sabio e Abel Sanjuán, gañadores do sorteo*



*Alumnado do CS de Guía, Información e Asistencia turística*

#### EMPRENDEMENTO

Co obxectivo de que o alumnado de cada familia profesional se achegue ao máximo á realidade empresarial dos seus respectivos sectores de actividade, desenvolveuse un ciclo de charlas, conferencias e talleres nos que se amosaron oportunidades de negocio, tendencias actuais e experiencias de emprendedores, que incluso en plena crise sanitaria e económica deciron levar a cabo os seus proxectos.

#### DOAR SANGUE TEN PREMIO!

Como vén sendo habitual, para promover a doazón de sangue no noso centro, que este ano é máis necesaria que nunca, sorteáronse entre os doantes vales regalo por valor de 20 euros cada un.

A sorte, caprichosa como é, sorriu ao grupo de 1º do ciclo superior de Guía, Información e Asistencia Turísticas, pois os dous vales sorteados en marzo foron parar a doadores

#### TURISMO NAS RÚAS

O alumnado do CS de Guía, Información e Asistencia turística realizou diversas prácticas na rúa nalgúns dos lugares máis emblemáticos de Ferrol.

Estamos seguros de que no futuro serán uns estupendos guías!



### Actividades desenvolvidas ao longo do curso 2020-2021



*Gañadores do sorteo de Instagram realizado pola Biblioteca*


### BIBLIOTECA

Este curso inauguramos o Instagram da nosa biblioteca cun sorteo co gallo do Día do Libro. O premio, o mellor dos agasallos, un libro da elección do gañador/a, sorteando un total de seis libros. A participación que consistía en seguir o perfil @biblioucha e comentar a publicación escribindo o nome do seu libro favorito, foi todo un éxito, chegando a acadar os 75 comentarios e a piques de chegar aos 100 seguidores. Os afortunados foron:

- Aurora Eslava Carrasco, do ciclo superior de Guía, Información e Asistencia Turística.
- Carla Lorenzo Rodríguez, do ciclo superior de Administración e Finanzas.
- Joanna Vaamonde Veras, do ciclo superior de Administración e Finanzas.
- Ghislaine Alfonzo, curso AFD de Asistencia á Dirección.
- Èric Solà Arroyo, do curso AFD de Programación en Linguaxes Estruturadas de Aplicacións de Xestión.
- Francisco Javier Fernández Pita, do curso AFD de Implantación e Animación de Espazos Comerciais.

Todos/as eles se achegaron á nosa biblioteca para recibir cadanseu libro seleccionado. Queremos darlles os nosos parabéns e desexarlles que o podan desfrutar moito no seu tempo de lecer.

Agradecer tamén a participación de todo o alumnado, así coma do resto da comunidade educativa, pois significou un pulo moi importante para o comezo do funcionamento desta nova canle de comunicación do noso centro. Así pois, no seguinte código QR podedes seguirmos para poder seguir medrando, así coma deixarnos todas as vosas consultas ou suxerencias e estar ó día de todas as novas da biblioteca.





## ACTUALIDADE DO RUP

### Actividades desenvolvidas ao longo do curso 2020-2021



*Alumnado do CS de Proxectos de Edificación facendo traballos topográficos*

#### PRÁCTICAS DE TOPOGRAFÍA

O alumnado do CS de Proxectos de Edificación realizou traballos de topografía nas rúas, poñendo así en práctica os coñecementos adquiridos nas aulas da forma máis real posible.



*Exposición fotográfica "Por 365 de respecto e igualdade"*

#### EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

Dentro do Plan Proxecta «Por 365 días de respecto e igualdade», puidemos gozar no centro dunha moi interesante exposición, na que a través da arte fotográfica se reflexionaba sobre o tema da violencia contra as



*Alumnado de 1º CS de Guía, Información e Asistencia turísticas*

#### VIVIR A ARTE EN GALICIA

O alumnado de 1º CS de Guía, Información e Asistencia turística, dentro do módulo Recursos turísticos e acompañados da súa profesora Rebeca Miramontes, realizou unha visita guiada polas diferentes estacións que se



### Actividades desenvolvidas ao longo do curso 2020-2021



*Alumnado participando no Taller de oratoria impartido por Bével Formación*

#### TALLER DE ORATORIA

Da man de Bével Formación, alumnado e profesorado aprenderon a coñecer cales son os seus delatores de nervios cando se enfrontan a unha exposición oral e con que ferramentas e recursos poden vencelos.

Ademais, Alejandra Sánchez, que xa nos visitara hai tres anos, expuxo a importancia da estrutura do discurso, as preguntas retóricas e outras ferramentas útiles para que as presentacións resulten máis impactantes e conecten así coa audiencia.

Este taller foi especialmente proveitoso para aquel alumnado de 2º curso que tiña que expoñer o seu proxecto



*Charla sobre as estafas na Internet, impartida pola profesora Ana Vázquez Pernas*

#### CIBERSEGURIDADE

Este curso, a gran novidade da oferta formativa da FP foron os cursos de especialización, é dicir, os chamados “másters” da FP. No noso centro comezou a impartirse o Curso de especialización en Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías da información, ao que puideron acceder aquelas persoas tituladas nalgún dos ciclos superiores da familia de Informática e comunicacións.

Ademais dos módulos impartidos nas aulas, organizouse un ciclo de conferencias sobre ciberseguridade que se desenvolveu ao longo de todo o curso e que versou sobre diversos temas relacionados coa materia, como foron: as estafas na Internet, a problemática que presenta o



*Charla sobre teletraballo e ciberseguridade, impartida por Pablo Rivera, da empresa 2KSystems*

QUE...

## ler en castelán

Los pazos de Ulloa de Emilia Pardo Bazán

Alianza Editorial, 2020. Páx. 640

Nova edición da obra cume da escritora galega Emilia Pardo Bazán, con ocasión do centenario do seu falecemento (1921-2021).

Los santos inocentes de Miguel Delibes

Ed. Destino, 2019. Páx. 168

No ano 2020 conmemorouse o centenario do nacemento dun dos escritores en castelán máis importantes do século XX. “Los santos inocentes” é unha das súas obras máis recoñecidas. Publicada en 1981, non deixa de sumar lectores e edicións, ata converterse nun clásico popular da cultura española.

La confesión de Sotelo de Guillermo Ferrández

Editorial Adarve, 2020. Páx. 244

A Ramón Sotelo, cidadán anónimo coma milleiros de persoas, recibe a noticia da inminencia da súa morte debido a unha grave enfermidade. O escritor ferrolán Guillermo Ferrández reflexiona nesta obra sobre como teríamos que vivir a vida se continuamente nos enfrontáramos á morte.

El infinito en un junco de Irene Vallejo

Editorial Siruela, 2020. Páx. 452

Un percorrido pola vida do libro e as persoas que o salvagardaron durante case trinta séculos.

El bosque de los cuatro vientos de María Oruña




Ed. Destino, 2020. Páx. 424

Unha apaixonante intriga sobre unha muller que na Galicia de 1830 enfróntase ás convencións do seu tempo e cuxa figura transcende até os nosos días.

En plena noche de Mikel Santiago

S.A. Ediciones B, 2021. Páx. 672

Un grupo de rock. Un concerto. Unha rapaza desaparecida. Pasaron máis de vinte anos, pero hai noites que nunca terminan. Mikel Santiago regresa cun novo thriller ambientado en Illumbe, o pobo con máis misterios e segredos do País Vasco.





QUE...

## ler en galego

As malas mulleres de Marilar Aleixandre

Editorial Galaxia, 2021. Páx. 248

PREMIO BLANCO AMOR 2020

A través das páxinas de *As malas mulleres*, asistimos a unha dura e apaixonante viaxe polo tramo final do século XIX, nunha historia a varias voces, a de Sisca, de 15 anos, presa por non seren as mulleres donas do seu corpo; as de mulleres como Concepción Arenal, visitadora de prisións; e Juana de Vega, cruciais para entendermos a nosa historia e as do “mudo coro das malas mulleres”, que entoa prantos sobre encontros cos predadores sexuais.

O último barco de Domingo Villar

Editorial Galaxia, 2019. Páx. 800

A filla do doutor Andrade vive nunha casa pintada de azul, nun lugar onde as praias de ondas mansas contrastan co bulir da outra beira. Alí, as mariscadoras pescudan na area, os mariñeiros botan os aparellos á auga e os que van traballar á cidade agardan no peirao a chegada do barco que cruza cada media hora a ría de Vigo. Unha mañá de outono, mentres a costa galega se recupera dos estragos dun temporal, o inspector Caldas recibe a visita dun home alarmado pola ausencia da súa filla, que non se presentou a un xantar coa familia na fin de semana nin acudiu o luns a impartir a súa clase de cerámica na Escola de Artes e Oficios. E, aínda que nada pareza alterado na casa nin na vida de Mónica Andrade, Leo Caldas axiña ha comprobar que na vida, coma no mar, a máis apracible das superficies pode agochar un fondo escuro de correntes devastadoras.

Poesía reunida (1982-2004) de Xela Arias



Edicións Xerais, 2018. Páx. 440

O volume *Poesía reunida (1982-2004)* dá conta da obra poética de Xela Arias e quere contribuír á súa difusión e coñecemento. A escritora ocupou un lugar de seu na cartografía literaria das últimas décadas e a súa obra está en consonancia coa renovación do discurso poético producida dos anos 80 en diante, así como coa proliferación dos discursos do feminismo, aos que acompañou como pioneira. Xela Arias, que manifestou en numerosas ocasións un sentimento de soidade xeracional, reivindicou a condición de muller escritora e reaccionou con contundencia contra o carácter invisibilizador das etiquetas. Para ela, a poesía era «un trato coa búsqueda da vida poderosamente iluminada».

Nus de Manuel Gago

Edicións Xerais, 2021. Páx. 392

Na madurez, Toño Figueroa, descendente da última aristocracia do país, mantén unha dobre vida na intimidade da súa memoria. Lembra a diario as súas primeiras veces e habita sen descanso a pasada mocidade: o sexo, as grandes mentiras familiares, os trens que se foron perdendo. Móvese con cinismo e incredulidade no convulso ambiente político da Galicia do posfranquismo; a súa conciencia social remata no seu propio corpo e o das mulleres coas cales aprende a descubri-lo. Ou iso nos quere facer crer. Ata que Toño e os seus amigos chegan á solitaria praia de Calabarda, un paraíso aberto ao océano onde se pode ser libre dun xeito novo: sen roupa. Nun extremo da praia, os arqueólogos descubren un castro ancestral. Noutro, os veciños soñan con leiras de millo en que agromen os chales. E no medio, Toño únese a unha grea de nudistas dispostos a todo para manter os seus coiros ao sol. Manuel Gago ofrécenos en “Nus” un retrato irónico e irreverente da contraditoria Galicia de comezos da década de 1980 a través das aventuras sexuais dun crápula tan cínico como tenro.



## QUE...

### ler en inglés

*Animal Farm* de George Orwell



Penguin Books. Páx. 112

Unha rotunda alegación en favor da liberdade e contra o totalitarismo que se converteu nun clásico da literatura do século XX.

*How To Be Good* de Nick Hornby

Penguin Books. Páx. 260

Unha mirada maliciosamente irónica sobre a vida familiar, a crise da mediana idade, a boa conciencia liberal da clase media urbana e a obsesión por ser boas persoas, escrita por un dos máis agudos e divertidos cronistas da Inglaterra contemporánea.



### ler en francés

*Une fille comme elle* de Marc Levy

Pocket, 2019. Páx. 360

O escritor francés Marc Levy consegue arrincarnos un sorriso coa súa última novela, unha comedia ambientada en Nova York. Publicouse a finais de 2020 en castelán (por Harper Collins).

*Miroir de nos peines* de Pierre Lemaitre

Ed. Albin Michel, 2020. Páx. 525

Segredos de familia, personaxes colosais, xiros inesperados e traxedia nunha narración poderosa, peche maxistral á triloxía de Lemaitre sobre a Francia de entreguerras.



## TOMA NOTA

A Rede de bibliotecas públicas de Galicia dache acceso á relación, ás características e ao catálogo de bibliotecas nodais, municipais, de centros de ensino, universidades, fundacións, museos e diversas institucións e organismos públicos e privados. Poderás localizar calquera material bibliográfico ou audiovisual e coñecer a súa dispoñibilidade. Sácalle partido e colle unha enchenta de ler, ver, escoitar os seus fondos e mesmo de participar nas actividades que organizan moitas destas bibliotecas: <http://rbgalicia.xunta.gal/>



QUE...

ver

### ***Bajocero* (2021)**

Nunca fría e pechada noite de inverno, en metade dunha estrada despoboadá, un furgón policial blindado é asaltado durante un traslado de presos. Alguén busca a alguén do seu interior. Martín (Javier Gutiérrez), o policía condutor do furgón, consegue atrincheirarse dentro do cubículo blindado cos reclusos. Obrigado a entenderse cos seus inimigos naturais, Martín tratará de sobrevivir e cumprir co seu deber nunha longa noite e pesadelo na que se porán a proba incluso os seus principios.

### ***El agente topo* (2020)**

Sergio é un espía chileno. Ou algo semellante. Ofrecéuselle este traballo despois dun casting organizado polo detective Rómulo, un investigador privado que necesita un topo crible para infiltrarse un fogar de xubilados. A cliente de Rómulo, unha filla dunha residente, sospeita que a súa nai estaría a ser maltratada, polo que o contrata para descubrir que é exactamente o que está a suceder na residencia. Porén, Sergio ten 83 anos e non é precisamente o axente 007, polo que non lle resulta doado aprender a manexar a tecnoloxía e a metodoloxía da espionaxe. Mentres trata de conseguir probas, Sergio traba amizade con algúns dos xubilados e decátase de que a suposta terrible verdade que buscaba non ten nada que ver co que sospeitaran.

### ***Otra ronda (Druk)* (2020)**

Martin (Mads Mikkelsen), un profesor de secundaria, xunto con outros tres compañeiros de profesión, decide realizar un experimento que consiste en manter un nivel constante de alcohol en sangue durante todo o día. Deste xeito, pretenden demostrar que baixo a influencia do alcohol son quen de mellorar en todos os aspectos da súa vida, tornándose máis intrépidos e creativos. Porén, e aínda que nun primeiro momento parece que os resultados son positivos, conforme avanza o experimento comeza a descarrilar, traendo consigo unas consecuencias que lles cambiarán a vida para sempre.





QUE...

visitar

## O paseo dos sonhos. Vilalba

Na capital da Terra Cha, en Vilalba, os sonhos atópanse nun paseo. É ahí, onde se encontra un lugar capaz de engaiolar da mesma maneira que o fan as letras dun poema. Unha senda que é un remanso de paz que obriga a esquecerse de todo, aínda que, o camiño, en realidade, é un camiño para o recordo e a emoción.

O paseo dos sonhos é un dos paseos máis transitados e máis tranquilos da vila, pero aínda así, fai poucos anos que caín na conta de que era un paseo que contiña sonhos. Este paseo vai discorrendo á beira das augas do río Madalena, durante case seis quilómetros que comezan no Muíño do Rañego e rematan no Muíño dos Freires. O sendeiro é so accesible a pé e os sonhos que conteñen aínda so se estenderon ata menos da metade dos seus quilómetros.

Cando comeza a túa andaina, tes que atravesar o río varias veces, botando man de pequenas pontes feitas de madeira. Tamén hai varios chanzos de pedra que te levan ao carón das augas e pasarelas baixas de metal que te poñen ao rente do río. Todas elas invitante a desfrutar das diferentes formas que vai facendo a auga, podes deleitarte co seu son, coas pequenas fervenzas, coas diferentes presas de auga, cos pequenos estancamentos e coa cantidade de muíños que vai formando a auga ao longo do paseo. A natureza invade e acompaña todo o camiño, hai abidueiras, salgueiros, carballos e ameneiros que van adornando toda a senda, deixando na memoria fermosas imaxes desta zona de ribeira.

Pero o encanto do paseo dos sonhos non remata aí, os sonhos comezan a espertar cando descubres que cada 100 metros exactos de camiñar, sorprendente unha escultura que homenaxea a figuras do mundo da cultura chairega. É cando o paseo se converte nun itinerario cultural formado por monumentos que se van atopando e engadindo cada ano. O paseo xa conta con trece homenaxes que levan por nome “Hectómetros literarios”. Este número de fitos honoríficos cumpriu a súa profecía supersticiosa ao encontrarse cunha pandemia que fixo que o paseo deixase de medrar pero non de soñar, xa que no outono, xa terán sitio un novos fitos que quedaba pendente.

O paseo dos sonhos vai ir medrando segundo lle vaia permitindo o río, sen escurecer nunca a natureza na que habita, senón dándolle luz en todo momento, unha luz que provén da arte chairega que a continuación se presenta:

1. O primeiro hectómetro literario foi para o escritor e mestre lucense Paco Martín, gañador do Premio Nacional de literatura infantil e xuvenil no ano 1986. É un fito de pedra inagural realizado polo Obradoiro de Cantería do concello de Vilalba, co que se bautiza o paseo.

2. O segundo hectómetro é para Manuel María de Outeiro de Rei, poeta, narrador, dramaturgo e académico da lingua galega, adicaselle un fito de pedra e forxa en forma de gaiola que encerran uns candados, tamén volve ser obra do Obradoiro de Cantería do concello de Vilalba.



*Paseo dos sonhos - Río Madalena*



*Inicio do Paseo dos sonhos*

*Escultura dedicada a Manuel María*



QUE...

visitar

## O paseo dos soños. Vilalba

3. O terceiro hectómetro é para o escritor e pedagogo Agustín Fernández Paz de Vilalba, que desta vez está realizado polo artista Valdi, a peza é unha escultura de pedra que simula un lote de libros. Un dos lomos dos libros ten tallado o título “O único que queda é o amor” co que obtivo o Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil no ano 2008.

4. O cuarto hectómetro é para Xabier P. Docampo de Rábade, escritor, mestre e gran promotor da lingua galega e tamén gañador do Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil, contra cunha escultura de ferro, tamén realizada por Valdi, que semella unha árbore da que se da a posibilidade de pendurar os soños.

5. O quinto é para o cospeitês Darío Xohán Cabana, poeta e tradutor e con numerosos premios literarios, o hectómetro é realizado, desta vez, polo canteiro Ramón Villar quen tallou unha pedra de grandes dimensión para representar un gran libro aberto.

6. O sexto hectómetro adicaselle a Xosé Manuel Carballo de Castro de Rei, escritor, ilusionista, humorista e animador cultural, conta cunha escultura de pedra realizada tamén por Valdi. A escultura adórnase con ferro que se vai moldeando un sombreiro de copa e outros accesorios propios dun mago.

7. O sétimo é para a escritora, xornalista e membro da Real Academia Galega, Margarita Ledo Andión de Castro de Rei, cunha obra escultórica que volve a ser de Valdi, pero que deixa a pedra dun lado, para ser elaborada nun fermoso metacrilato.

8. O octavo é para Helena Villar e Xesús Rábade de Becerreá e Cospeito, académicos e profesores que contan cunha escultura de Valdi na que se debuxan en ferro, varias plumas que escriben sobre un libro aberto.

9. O noveno hectómetro é para o escritor e teólogo, Xosé Chao de Vilalba, conta cunha escultura de ferro que representa un libro medio aberto coroado por unha peza de pedra pequena que semella unha roda de muíño sobre a que bailan siluetas de mulleres tamén realizadas en ferro. Esta obra é do artista Marcos Ladra.

10. O décimo é para o seu irmán, Ramón Chao de Vilalba, xornalista e escritor, que ten o seu eco inmortalizado nunha escultura que sempre está tentando a tocala, pois trátase dun gran piano de pedra creado por Valdi.

11. O xornalista, guionista, escritor e produtor galego, Xulio Xiz de Vilalba, ten o décimo hectómetro literario realizado por Valdi. Trátase dunha gran ventá de pedra que representa ao señor da voz chairega.



*Monolito dedicado a Agustín Fernández Paz*



*Escultura dedicada a Xabier Docampo*



*Escultura dedicada a Ramón Chao*

QUE...

visitar

## O paseo dos soños. Vilalba

12. No duodécimo hectómetro literario queda inmortalizada a música e a composición de Mini e Mero de Begonte e Vilalba, cunha especie de mural realizado en pedra e ferro que tamén foi elaborado por Valdi, no que podemos ver un pentagrama, notas musicais e debuxos de María Guerrero.

13. O decimoterceiro é para Alfonso Blanco Torrado de Guitiriz, ensaista, mestre e dinamizador cultural galego, ao que lle debe este paseo a súa razón de ser, ten unha escultura en ferro de Valdi deseñada a partir dunha estrutura cilíndrica que representa as apertas.

14. O décimo cuarto, é para Miguel Anxo Fernán Vello de Cospeito, escritor e editor español en lingua galega, conta cun monumento de Valdi en forxa que tenta ser unha bancada ou mural que ten a forma dun libro aberto con letras talladas.

15. O décimo quinto, será instalado en outubro, e será para o escultor, pintor e poeta, Victor Corral de Baamonde, que fará a súa propia escultura en pedra realizando unha das pombas que definen a súa arte.

A música, as letras, a pintura, a poesía, a escultura, a filosofía, a auga, a pedra, a madeira e o ferro foron os elementos elexidos, dende o ano 2006, pola Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz e a Irmandade Manuel María da Terra Chá, para mesturálos neste paseo máxico que da lugar a verdadeira materia dos soños.

Miriam García Calaza



*Escultura dedicada a Mini e Mero*

*Miriam García Calaza é profesora da familia profesional de Comercio e márketing*



**QUE...**

## **cociñar: empanada de mazá**

*Eva Robles animouse a cociñarnos unha empanada moi doce*

### Ingredientes:

#### PARA A MASA:

- 4 vasos de fariña
- 1 vaso de leite
- 1 vaso de aceite frito
- 2 ovos batidos
- Areas de sal

#### PARA O RECHEO:

- 2 kg de mazás Golden picadas en lascas.

### Elaboración:

Mondamos e picamos as mazás en lascas finas e metémolas no microondas tapadas cun plástico perforado, sobre 10 minutos. Con isto conseguimos que amolezan un pouco e tamén que solten auga. Deixamos arrefriar nun escurroiro para que acaben de soltar toda a auga e mentres imos preparando a masa.

Facemos un volcán coa fariña e metemos no medio os líquidos (leite, aceite e ovos) xunto co sal.

Imos incorporando a fariña dos bordos ata que conseguimos unha masa doada de traballar. Dependendo do tamaño dos ovos, se queda moi branda podemos engadirlle algo máis de fariña.

Cando a masa despegue das mans dividímolos en dúas partes e estiramos.

Debería saír unha empanada do tamaño dunha bandexa dun forno convencional.

Cando as mazás estean frías poñémolas enriba da masa. Como esta non é doce botámoslle unha boa presa de azucre e tapamos coa outra parte da masa.

Antes de metela ao forno, que xa debe de estar prendido e quencido a 200 grados, botámoslle azucre por riba para que faga un recubrimento torrado.

O mellor indicador de cocción será a cor e aproximadamente en 25 ou 30 minutos debería estar dourada. Sacámola do forno e deixaremos arrefriar sobre unha grella.

Se tendes pouco tempo podedes substituír a masa por dúas láminas de masa de follado coa metade da mazá, e se o que queredes é un bo entrante botádelo pemento á masa e reenchédeas dunha boa zaragallada de luras ou calquera outro peixe.

Bo proveito.

Eva Robles Freire



*Eva Robles Freire é secretaria do centro e profesora da familia profesional de Informática e comunicacións*





Xela Arias, Letras Galegas 2021